

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a **CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO**, con data de 7 de maio de 2020, ditou, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, do 3 de xullo de 2019, e res. núm. 377, do 4 de maio de 2020), a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO

ASUNTO: CONTINUACIÓN DE PROCEDIMENTOS DE LICENZAS URBANÍSTICAS

EXPEDIENTE: 2020/G003/000407

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 492/2020, do 24 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 10 de maio, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da citada disposición adicional.

Considerando que, de acordo co apartado 3 da citada disposición adicional terceira, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de

ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos nos dereitos ou intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Considerando que a suspensión dos expedientes de licenzas no departamento de urbanismo e a prolongación da mesma no tempo pode estar provocando prexuízos aos interesados, resultando preciso, neste momento do estado de alarma, adoptar as medidas necesarias para que, se así o desexan, se continúe a tramitación dos procedementos nas que se den as circunstancias do apartado 3 da disposición adicional terceira do RD 463/2020.

Considerando que, nun momento como o actual, as Administracións Públicas deben facilitar calquera tipo de promoción da actividade produtiva, para contribuír a súa reactivación, compatibilizandoo en todo caso coas esixencias sanitarias derivadas do estado de alarma.

Considerando a perda de vixencia do Real Decreto Lei 10/2020, do 29 de marzo, no que se regulou o permiso retribuído recuperable para as persoas traballadores por conta allea que non prestan servizos esenciais, e a modificación, pola Orde SND/385/2020, do 2 de maio, da Orde SND 340/2020, do 12 de abril, pola que se suspenderon determinadas actividades relacionadas con obras de intervención en edificios existentes nas que exista risco de contaxio polo COVID-19 para persoas non relacionadas con ditas actividades, e considerando así mesmo as medidas que nos últimos días se veñen adoptando, e as que se preve adoptar a curto prazo, na liña de acadar a transición a unha nova normalidade, debe ser un obxectivo de todas as Administracións Públicas ir adoptando, sempre dando prioridade á seguridade e á saúde da poboación, as medidas necesarias para facilitar ás empresas o restablecemento da súa actividade, como medida de reactivación da actividade económica e empresarial, contribuíndo a minimizar o impacto na economía da crisis xerada polo COVID-19.

Considerando que moitas actividades produtivas precisan, para o seu inicio ou continuidade, a tramitación dos correspondentes expedientes administrativos para a obtención da correspondente licenza, como acontece no ámbito urbanístico, debéndose polo tanto acordar a continuación dos procedementos administrativos necesarios para que se poidan desenvolver as actividades económicas permitidas neste momento, ao considerar que existe no seu desenvolvemento un interese xeral.

Considerando que doutro xeito carecería de sentido que, por unha banda, se permita a continuidade de determinadas actividades e, por outra, permaneza paralizada a tramitación administrativa da que depende a súa continuación.

Así mesmo debe terse en conta que, tratándose das licenzas urbanísticas, son os/as propios/as promotores/as das mesmas os que están a demandar dita continuación dos procedementos, ao atoparnos nun momento do ano que é o máis propicio para determinadas obras de rehabilitación e construción, sobre todo tendo en conta os aspectos relacionados coa climatoloxía galega.

Considerando que, ademáis do exposto, en atención a situación ocasionada polo COVID 19, e co fin de non paralizar o departamento de urbanismo do concello, habilitáronse os medios precisos que permitan a realización do seu traballo na modalidade de traballo a distancia ou teletraballo.

Considerando que, en todo caso, sen prexuízo da continuación xenérica dos procedementos de concesión de licenzas por medio do presente, a que se refira a cada expediente individualizado requirirá, unha vez que a persoa interesada amose a súa conformidade ao efecto, un acordo de continuación singularizado ao efecto.

Neste contexto e coa finalidade de facilitar ás persoas interesadas o trámite relativo á manifestación da súa conformidade para a continuación dos expedientes de licenzas urbanísticas nas que teñan a condición de interesados, resulta conveniente aprobar un modelo normalizado, de uso voluntario, que deberá poñerse a disposición dos interesados na sede electrónica.

Considerando que, tal e como se desprende da normativa citada, a continuación dos procedementos require que o órgano competente o acorde motivadamente, o que se cumprimenta a través do presente.

Considerando que, de acordo coas delegacións efectuadas, mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 526/19), na Xunta de Goberno Local, e, mediante Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019), nos concelleiros/as do goberno municipal, D.^a Uxía Lemus de la Iglesias tiña delegadas as atribucións na área de urbanismo, que incluía a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluíndo a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas, coa salvidade do outorgamento de licenzas, que fora delegada na Xunta de Goberno Local.

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía, do 28 de abril, o sr. alcalde avocou, durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2019, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, as competencias que tiña delegadas na Xunta de Goberno Local e que, mediante Decreto da alcaldía do 4 de maio de 2020 (res. 377/2020), resolveuse delegar en D.^a Uxía Lemus de la Iglesia a atribución referida ao outorgamento de licenzas urbanísticas, incluída a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas, durante a vixencia do estado de alarma.

Considerando que, en virtude do exposto, tratándose da área de urbanismo corresponde actualmente á que subscribe as atribucións na área de urbanismo, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, e a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas.

En virtude do exposto, por delegación da alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019 e res. 377, de 4 de maio de 2020), e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Continuar a tramitación dos expedientes de licenzas urbanísticas suspendidos polo RD 463/2020, do 14 de marzo, cando se den as circunstancias descritas no apartado 3 da disposición adicional terceira do citado RD e se conte, no seu caso, coa conformidade dos/as interesados/as.

Segundo.- Aprobar o modelo normalizado, que se achega como anexo á presente, que será posto a disposición das persoas interesadas na sede electrónica para que, se o consideran oportuno, amosen a súa conformidade para continuar co expediente de concesión de licenza que sinalen en cada caso.

Terceiro.- Notificar a presente ás persoas interesadas, indicándolles expresamente o seu dereito a prestar a súa conformidade á continuación dos procedementos de concesión de licenzas nos que teñan a condición de interesados/as.

Cuarto.- Facer público a presente mediante a súa publicación na web municipal, no portal de transparencia e na sede electrónica.

Quinto.- Contra a presente resolución non cabe recurso, por tratarse dun acto de mero trámite segundo dispoñen o artigo 112 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 25 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

ANEXO

MODELO DE MANIFESTACIÓN DA CONFORMIDADE COA CONTINUACIÓN DA TRAMITACIÓN
DOS EXPEDIENTES DE LICENZAS URBANÍSTICAS DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE
ALARMA

1. DATOS DA LICENZA				
REXISTRO DE ENTRADA Nº:			DATA DA SOLICITUDE:	
2. DATOS DO INTERESADO				
DNI-NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social:		
En representación de				
Con domicilio a efectos de notificación en				
Rúa:		Núm.	Esc.	Andar
CP	Municipio		Provincia	
Correo electrónico			Teléfono	

En base ao disposto no apartado terceiro da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma como consecuencia da crise sanitaria causada polo COVID19.

EXPOÑO::

- .- Que teño solicitada a licenza de obras antes sinalada atopándose o procedemento suspendido en virtude da disposición adicional terceira do RD 463/2020.
- .- Que manifesto a miña conformidade coa continuación do citado procedemento.
- .- Que dada a miña condición de interesado, ou representante legal acreditado do interesado,

SOLICITO:

* () Que, levantándose a suspensión do procedemento, se acorde a continuación do mesmo, incluída a súa resolución, para evitar prexuízos graves nos meus dereitos e intereses, que se sinalan a continuación:

Enumerar os prexuízos graves que se ocasionarían no caso de que se mantivera a suspensión

* () Que aínda sen existir prexuízos graves nos meus dereitos e intereses, se levante a suspensión e se acorde a continuación do procedemento, incluída a súa resolución.

* Marcar o que proceda

Data e sinatura,

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e prace da concelleira delegada de urbanismo, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Prace

A concelleira de urbanismo,

A secretaria xeral, que dou fe

Uxía Lemus de la Iglesia

Virginia Fraga Díaz